

## SEMENTEIRA 2024

### Campamento de verán Moeche 2024

O campamento de verán Sementeira é un programa que ofrece un servizo para conciliar a vida persoal, familiar e laboral mediante actividades de carácter lúdico e educativo dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Sementeira ofrece un conxunto de actividades que terán como base o Pavillón polideportivo de San Ramón e saídas a diferentes puntos do concello con actividades formativas e lúdicas: actividades na feira, na aula informática da Casa do concello, na área recreativa de Souto Grande, no castelo, na piscina, no centro cultural, pistas deportivas, patio da escola, etc.

**Duración:** meses de xullo e agosto.

**Horarios:** de luns a venres, dúas quendas:

- a) 08.30h a 14.00h con horario de entrada de 8.30h a 9.00h e saída de 13.45h a 14.15h
- b) 10.00h a 14.00h con horario de entrada de 9.30h a 10.00h e saída de 13.45h a 14.15h

As actividades desenvolveranse a partir das 10.00h. Os participantes da quenda das 08.30h. realizarán actividades de lectura e xogos na primeira hora.

**Persoas destinatarias:** terán preferencia, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello, respectando a seguinte orde:

1. Nenos ou nenas matriculados/as no CEIP San Ramón.
2. Familias con algún membro empadroadado no Concello de Moeche con esta orde de preferencia: nais e pais, avoas e avós.
3. Familias con algún dos membros con vinculación laboral no municipio.

En cada un dos casos anteriores, sempre terán preferencia as solicitudes que demanden horario madrugador, dende as 8.30h.

No caso de que as solicitudes superen o número de prazas máximas, poderá terse en conta o nivel de renda e as cargas familiares para dar preferencia á obtención da praza.



**Prazas:** ofrécese ata un máximo de 30 prazas. Na franxa horaria de 8.30h. a 10:00h. só se ofrecen 8 prazas.

### **Inscrición**

Para a solicitude de prazas de xullo e para a reserva de praza no mes de agosto.- O prazo de matrícula será **do 10 ao 19 de xuño**, de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas na Casa do Concello ou na Sede Electrónica moeche.gal

Para inscribir as nenas e os nenos no Sementeira para o mes de agosto abrírase un prazo do **15 ao 23 de xullo**.

### **Pagamento**

**A solicitudes presentadas para nenos ou nenas que estean matriculados no CEIP San Ramón e aqueles os que as súas familias figuren empadroadas no Concello,** deberan abonar o prezo da actividade no momento de formalizar a inscrición, dado que son as que teñen preferencia.

Se a inscrición refírese so a un dos meses da actividade, efectuarase o pagamento da mensualidade correspondente,

No caso de solicitar o mes de xullo e reserva para o mes de agosto, deberase aboar as dúas mensualidades.

Rematado o prazo de matrícula, o resto das familias que solicitasen pero non estean empadroadas no Concello de Moeche deberán efectuar o pagamento unha vez que lle confirmen a praza desde o departamento de Benestar Social e Igualdade.

En función do horario de entrada, as **cotas mensuais** serán as seguintes:

|               | Horario de 8.30 a 14.00 | Horario de 10.00 a 14.00 |
|---------------|-------------------------|--------------------------|
| 1º Membro     | 90 €                    | 80 €                     |
| 2º Irmán/irmá | 70 €                    | 60 €                     |
| 3º Irmán/irmá | 50 €                    | 40 €                     |